CA5.2 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Organiza os datos dados dunha variable unidimensional e constrúe a táboa de frecuencias descompoñendo un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Interpreta e calcula correctamente as medidas de centralización interpretando e modificando algoritmos.		
CA5.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Interpreta a táboa de frecuencias dunha variable unidimensional establecendo e aplicando conexións dos datos co mundo real.		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Resolve problemas de estatística con aplicación ás Ciencias Sociais ou a Economía e analiza de forma crítica a achega da estatística a esas materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.		
CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa conceptos, procedementos e resultados de estatística e probabilidade usando diferentes ferramentas (lapis e papel, calculadora e/ou software estatístico) e valorando a súa utilidade para compartir información.		
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Elixe a representación gráfica adecuada para describir os datos dados utilizando describindo, explicando e xustificando razoamentos procedementos e conclusións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece información estatística sinxela recollida en medios de comunicación e outros ámbitos empregando a linguaxe estatística con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización e análise de datos. - Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas. - Recollida e organización de datos en situacións da vida cotiá que involucran unha soa variable. Frecuencias. - Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante diferentes ferramentas tecnolóxicas (calculadora, folia de cálculo, aplicacións...) para pescudar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas. - Medidas de centralización e dispersión: interpretación e cálculo. - Comparación de dous conxuntos de datos atendendo ás medidas de centralización e dispersión. - Uso das medidas de dispersión como complemento da media para explicar a distribución dos datos. - Cálculo e interpretación das medidas de centralización e dispersión, con apoio tecnolóxico, en contextos da vida real. - Uso de técnicas estatísticas para o tratamento de grandes cantidades de datos. - Contribución da estatística ao progreso da sociedade.

UD	Título da UD	Duración
13	Matemáticas para a vida en sociedade	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	100
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático. - Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos. - Inclusión, respecto e diversidade. - Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. - Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaránse distintas metodoloxías buscando a acción educativa máis axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización da aula sexa o máis axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación co resto do profesorado.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Busca dunha aprendizaxe significativa: por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo deste coñecementos, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

Busca dunha aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilizade dos contidos tratados. Para conseguilo, introduciranse os contidos a partir de situacións problemáticas que as/os mesmas/os alumnas/os aplicarán os coñecementos adquiridos á resolución de problemas.

Fomentarase a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu

progreso e corrigir os erros cometidos.

Promoverase a colaboración entre o alumnado, para que así sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

MÉTODOS DE ENSIANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

A clase invertida

Nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

Métodos expositivos

Fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

Métodos demostrativos

A diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaránse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Método titorial

A idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

Método interrogativo

As preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introductorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se

queren valorar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador do alumno (EdixGal)
Aula Virtual da plataforma EVA
Caderno do alumno
Boletíns de exercicios e problemas
Fichas ou materiais dixitais con actividades de reforzo
Fichas ou materiais dixitais con actividades de ampliación
Materiais manipulativos
Pizarra dixital e pizarra convencional
Usaranse programas de software libre como GeoGebra (fundamental nas notas clase), Calc ou Wiris

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente na aula de referencia convenientemente equipada no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo. O caderno do alumnado será o soporte para os apuntamentos necesarios. Na aula virtual terán material de consulta e actividades. Farase uso do ordenador portátil para a realización de traballos e o uso dos programas relacionados anteriormente e outros que se consideren acidos ao longo do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade. Esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolvida na aula ou do traballo realizado en unidades previas. Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	6	5	6	6	5	6	6	6
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	30	100
Proba escrita	100	100	0	70
Táboa de indicadores	0	0	100	30

Criterios de cualificación:

NOTA DE CADA AVALIACIÓN

O 70% DA NOTA DA AVALIACIÓN ESTARÁ CONFORMADO POLA MEDIA PONDERADA DAS PROBAS ESCRITAS.

En cada avaliación realizarase un exame global e, como mínimo, un control parcial. A proba escrita dalgunha das unidades didácticas tamén poderá ser un traballo (individual ou por equipos) cuxa nota contará coma a dun control.

Para evitar bloqueos nas probas, poderemos dar algunha axuda, pero esta debe quedar anotada na proba e terase en conta na súa cualificación. Este tipo de axudas, nalgúns casos, poderá ser unha medida de reforzo educativo.

A nota da avaliación correspondente a estas probas escritas calcularase como unha media ponderada na que o exame global terá dobre peso que os controis.

O 30% RESTANTE OBTERASE COMO CUALIFICACIÓN DA ÚLTIMA UNIDADE DIDÁCTICA (con indicadores anotados no caderno do profesor) ademais de recollida de información do propio proceso de aprendizaxe do alumnado facendo así que a AVALIACIÓN CONTINUA E FORMATIVA tome peso na cualificación da materia. Teranse en conta:

- Exercicios e problemas recollidos na clase (en papel ou na Aula Virtual). A profesora pedirá, sen aviso previo, exercicios ou problemas dos temas vistos, que se corruxirán e teranse en conta na nota de cada avaliación e na de final de curso. Tentarase evitar bloqueos permitindo, en caso de que o necesiten, o uso de ordenador, caderno ou calculadora, pero anotarse e terase en conta na nota. Serán exercicios soltos, non controis.

- Resumos teóricos de cada tema.

- Participación nas clases: aportes, pregunta de dúbidas e contribucións á construción dun clima óptimo para o aprendizaxe.

- Nota das tarefas da Aula Virtual

- Realización das tarefas marcadas para facer na casa.

- Participación nos retos e concursos propostos (calendario de advento, concurso fotográfico, concurso de esopías...)

- Participación nas actividades complementarias en horario lectivo organizadas polo departamento.

A AVALIACIÓN CONSIDERARASE APROBADA SEMPRE QUE A NOTA FINAL SEXA IGUAL OU SUPERIOR A 5.

NOTA DA AVALIACIÓN DE XUÑO

- Para o alumnado coas tres avaliacións aprobadas:

Media aritmética redondeada das notas das tres avaliacións.

- Para o alumnado cunha única avaliación suspensa con nota superior a 3 e nota media das tres avaliacións igual ou superior a 5.

Media aritmética redondeada das notas das tres avaliacións.

OBSERVACIÓNS:

- Se un alumno/a non pode asistir a un control ou a un exame deberá traer a falta debidamente xustificada para poder repetirlo. A repetición da proba farase o antes posible, tendo sempre en conta as circunstancias que levaron

ao alumno a non asistir á proba. De non traer xustificación, a nota correspondente será 0.

- O uso de chuleta durante unha proba escrita conlevará unha nota de 0 en dita proba e unha falta de orde.
- Os exames faranse en bolígrafo azul ou negro non borrable e non se utilizará tipex.

Criterios de recuperación:

RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS SUSPENSAS

Os alumnos que suspendan unha avaliación deberán presentarse ao exame de recuperación da mesma.

Os alumnos que xa teñan aprobada unha avaliación non poderán presentarse á recuperación para subir nota. Faranse recuperacións das tres avaliacións:

1ª avaliación: a comezos da segunda.

2ª avaliación: a comezos da terceira.

3ª avaliación: o día da proba de recuperación global do curso (só para aqueles alumnos que teñan unicamente suspensa esta avaliación).

A nota de cada exame de recuperación de avaliación substituirá á nota das probas escritas desa avaliación (que estaba ponderada coma o 70% do total da nota) sempre que a mellore. A nota relativa á última unidade didáctica e á avaliación continua e formativa de cada avaliación permanecerá inalterable (30%).

RECUPERACIÓN DE XUÑO:

- Alumnado cunha única avaliación suspensa con nota menor que 3 ou media de probas escritas menor que 5:

Poderá recuperar a avaliación suspensa ou presentarse ao global.

O nota do exame de recuperación da avaliación suspensa substituirá ao 70% da nota de dita avaliación, quedando inalterado o 30 % correspondente á unidade 13 e á avaliación continua e formativa.

Tamén poderá optar a presentarse ao exame global, pasando a estar nas mesmas condicións que o alumnado con máis dunha avaliación suspensa.

- Alumnado con dúas ou mais avaliacións suspensas.

Deberá presentarse á proba de recuperación global do curso. A nota obtida nesta proba substituirá á nota de coñecemento do curso (70 % da nota final) sempre que a mellore. A nota relativa á unidade 13 e a avaliación continua e formativa permanecerá inalterable (30%).

Unha vez feitas as recuperacións correspondentes, farase un novo cálculo da media redondeada das tres avaliacións. En caso de obter unha nota igual ou superior a 5, a materia estará aprobada. No caso contrario, suspensa.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste grupo hai nove alumnos/as coa materia pendente do terceiro curso que deberá seguir un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación.

O despregamento en espiral do currículo de Matemáticas ESO, permite que a recuperación da materia do curso anterior se poida facer utilizando como referencia a materia do curso actual do alumno/a. Son moitos os temas que se comezan un curso e que se retoman ao curso seguinte para seguir profundando ou asimilando mellor os contidos xa vistos. As tarefas avaliábeis que se realicen nestes temas (controis, exercicios soltos, probas de competencia, tests...) permitirannos avaliar tamén a materia pendente. Para aqueles outros temas que non se repasen no curso actual, pediráselle ao alumno/a que faga un boletín de actividades e unha proba escrita. Os temas do curso actual do alumno/a que non toquen contidos do curso anterior non se terán en conta na avaliación da materia pendente.

Desde o comezo de curso, comezaremos facendo reforzo educativo a estes alumnos. Este reforzo consistirá na realización de controis e exames confeccionados con exercicios máis directos e problemas de menor grao de dificultade, sen que por iso déixese de avaliar ningún contido dos desenvolvidos nas clases. Tamén se reforzará a faceta emocional da materia: desde o principio mostraremos accesibles ás súas dúbidas, explicaremoslles de forma precisa como deben recuperar a materia e axudaremoslles a superar bloqueos ou rexeitamento á materia, facéndolles sentir capaces de superala e estando pendentes deles cando realicen probas individuais.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaráselle os axustes que procedan.

NOTA EN CADA AVALIACIÓN:

O 70 % será a media aritmética das notas dos temas avaliados (unha vez aplicado o coeficiente corrector cando corresponda).

- Nota dos temas que se repasan no curso actual:

Se a nota é igual ou superior a 3, aplicarase un coeficiente corrector á nota do tema (ou temas) do curso actual (o intervalo de aprobado pasará de [5,10] a [3,10])

Coeficiente corrector: $\text{Nota pendente} = 5 \cdot (\text{Nota curso actual} - 3) / 7 + 5$

Se a nota é inferior a 3, non se aplicará o coeficiente.

- Nota dos temas non repasados no curso actual:

Nota obtida nunha proba específica.

O outro 30% da nota obterase a través de a avaliación continua e formativa que se realiza nas clases do curso actual.

A NOTA FINAL DE XUÑO:

- Media aritmética redondeada das notas das tres avaliacións.
- A materia pendente considerarase aprobada cando a nota final sexa igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Reforzo educativo

Dende o principio, farase reforzo educativo ao alumnado repetidor coa materia suspensa no curso anterior, ao alumnado que o curso pasado xa recibiu reforzo e ao alumnado coa materia do curso anterior pendente. O reforzo será flexible e poderá deixar de facerse se o alumno/a xa non o necesita.

Ao longo do curso, revisaremos a necesidade de iniciar outros reforzos ou de deixar de facer algún dos que se comezou, segundo sexan os resultados que vaian obtendo os alumnos/as.

O alumnado con maiores dificultades terá o apoio específico dunha profesora deste departamento dúas horas á semana.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X

Observacións:

1. Comprensión da lectura e expresión oral e escrita Observación: serán traballadas de xeito habitual a través dos materiais utilizados na aula (boletíns de exercicios, caderno de traballo, realización de probas e traballos para entregar,...) e das intervencións do alumno (ben sexa realizando preguntas relativas ás explicacións da/o docente, ou coa explicación da resolución de tarefas no encerado ou coa exposición de traballos).
2. A comunicación audiovisual e a competencia dixital Observación: O uso da aula virtual e das novas tecnoloxías utilizando aplicacións web como Geogebra e outras ferramentas dixitais (follas de cálculo, editores de texto, editores de presentacións...).
3. O emprendemento social e empresarial Observación: propoñeranse tarefas de ampliación e alternativas que busquen fomenten a creatividade e a autonomía persoal do alumnado.
4. O fomento do espírito crítico Observación: o espírito crítico é tratado de forma xenérica diariamente na aula. A resolución de problemas lévanos inevitablemente a esta forma de proceder, as propostas alternativas ou de mellora a unha solución dada, fomentan o espírito crítico.
5. A educación emocional e en valores Observación: os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no canguro matemático	Proporase ao alumnado a participación nesta actividade.		X	
Participación nas Olimpíadas matemáticas	Proporase ao alumnado a participación na olimpíada matemática organizada pola AGAPEMA			X
Reto do Nadal	Retos matemáticos distribuídos a modo de calendario de advento.	X		
Concurso "Fotografía matemática"	O alumnado fará fotografías matemáticas no seu entorno próximo.		X	
Concurso "Esopías"	O alumnado creará esopías.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
2. Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
Metodoloxía empregada
3. Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
4. Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
5. Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas
10. Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
12. Uso adecuado de recursos tecnolóxicos e manipulativos.
13. Disposición na aula que fomenta o traballo do alumnado
Medidas de atención á diversidade
6. Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
7. Atención adecuada á diversidade do alumnado

Clima de traballo na aula
8. Participación activa de todo o alumnado
9. Rutinas de traballo asimiladas polo alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
11. Adecuación da secuenciación de contidos ao que se necesita aplicar noutras materias.
Outros
14. Participación do alumnado nas actividades voluntarias propostas polo departamento

Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto **156/2022** no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar "os procesos de ensino" e a propia "práctica docente", para o que se establecerán "indicadores de logro". Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización, o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación e a adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliacións, no período entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria e para o alumnado con materias pendentes.

Mensualmente:

- Farase un seguimento mensual da programación para comprobar que se segue o ritmo programado.

En cada avaliación:

- Analizaranse os resultados obtidos polos alumnos na nosa materia en cada avaliación.

A final de cursos:

- Valorarase a adecuación dos tempos programados para cada tema por si é necesario aumentar ou diminuír algún.
- Analizarase a conveniencia de cambiar a secuenciación das unidades didácticas para o seguinte curso.
- Analizaranse os resultados obtidos na materia pendiente e se os métodos de recuperación son adecuados.
- Analizarase os resultados das medidas de reforzo educativo.

9. Outros apartados